



CULTURA LEVA MÚSICA ANTIGA E CONTEMPORÁNEA - EXPERIMENTAL AO MUSEO DO MAR EN VIGO CO PROGRAMA 'ESPAZOS SONOROS'

- **A formación Grupo 1500 abre o Ciclo de Música Antiga o mércores 30 de abril ás 20:30 horas, que continuará o día 9 de maio con Harmonía Artificiosa e o 10 con Martín Codax**
- **O Ciclo Outros Sons levará pola súa parte dous concertos de música contemporánea – experimental desde o día 20 de abril ás 20:00 horas cos grupos Barbez e Vale Tudo, e extenderase ata o 28 de maio coas formacións Scorch Trio e Rafael Mall, que pecharán o ciclo no Museo do Mar de Vigo.**
- **Desde o día 9 de abril ao 14 de xuño, 20 lugares de toda Galiza acollerán 66 concertos de formacións galegas e conxuntos de prestixio internacional como Ensemble Gilles Binchois, Cuarteto Quiroga e Huun Huur Tu, entre outros**

Vigo, 18 de abril de 2008.- O Museo do Mar, un dos lugares máis representativos do patrimonio cultural da cidade de Vigo convertírase no escenario do programa “Espazos sonoros”, unha proposta da Consellaría de Cultura e Deporte que ofrece ciclos de música antiga, clásica e contemporánea - experimental entre o 30 de abril e o 28 de maio.

O programa “Espazos Sonoros” desenvólvese en lugares do patrimonio cultural espallados por toda Galiza, e Vigo está representada, co excepcional escenario do Museo do Mar. En total serán 5 actuacións a cargo de 7 grupos e solistas, dentro dos ciclos de música antiga e outros sons, onde se inclúen propostas experimentais contemporáneas.

Programa completo de actuacións en Vigo

Museo do Mar

Ciclo de música antiga

- mércores 30 de abril, 20.30 horas, Grupo 1500.
- venres 9 de maio, 20.30 horas, Harmonia Artificiosa.
- sábado 10 de maio, 20.30 horas, Martin Codax.

Ciclo outros sons

- domingo 20 de abril, 20.00 horas, Barbez + Vale Tudo.
- mércores 28 de maio, 20.00 horas, Scorch trio + Rafael Mallo.



Grupos galegos e internacionais

O ciclo “Espazos sonoros” procura aunar o atractivo das propostas musicais e o dos lugares nos que estas teñen lugar. En total son 66 concertos en vinte espazos de localidades de toda Galiza. Trátase dun programa estable para a presentación de propostas de música clásica e outros estilos de música contemporánea e experimental, no que ademais se pon en valor o patrimonio histórico, ao celebrar os concertos en espazos de interese desde o punto de vista arquitectónico, artístico ou cultural, e o achegamento do público a ditos espazos e á súa significación.

Un dos obxectivos principais do programa é dar a coñecer adecuadamente as propostas artísticas e musicais nas que están a traballar algunhas das formacións galegas máis relevantes no eido da música clásica. Por esta razón o programa nútrese fundamentalmente de formacións vencelladas a Galiza. Cunha programación ampla e variada, dase mostra do potencial artístico existente no noso país, coa presenza de conxuntos e solistas como Resonet, Música Antiga E. Ulteira, Camerata Vivace, Arte en Parte, Grupo Instrumental S. XX e Martín Códax, entre outros.

Ao mesmo tempo, os ciclos enriquecéense coa presenza de figuras convidadas de relevo internacional da altura do Martina Schobersberger xunto a Michael Oman, Huun Huur Tu ou o Scorch Trio. A programación dos ciclos pretende achegarse a un público amplo, e promover a creación de novos públicos para a música clásica.

Ciclos na cidade de Vigo

O ciclo de música antiga, ofrecerá un percorrido pola música desde a Idade Media ata o Barroco, interpretada con instrumentos orixinais, con actuacións no Museo do Mar en Vigo. Abrirá o ciclo Grupo 1500, cun programa titulado Amor e Danza na Europa do Renacemento, con obras dos séculos XV, XVI e XVII de Gabriel, Clement Janequin, Heinrich Isaac..., entre outros. Seguiralles, Harmonía Artificiosa, dirixido por Baldomero Barciela (viola da gamba), integrante de grupos da talla de Lássemblée des Honestes Curieux ou Gli Incogniti, que presentan un programa con obras de Bach, Telemann e Handel. E a formación Martín Codax será a encargada de pechar o ciclo, presentando un programa sobre a música na Península nos séculos XIV, XV e XVI.

O último ciclo será o titulado “Outros sons”, que achegará propostas musicais abertas á experimentación sonora a partir de estilos que van do jazz á música con raíces. Aquí se mesturarán timbres e texturas de grupos chegados de Noruega, Mongolia, entre outros. A este espazo achegaránse as formacións Barbez e Vale Tudo.



Os galegos Vale Tudo, formado por Rafael Mallo e Óscar Vilariño, fan unha revisión de estilos como o blues e o folk americanos, pero baixo a óptica da experimentación sonora. Barbez, formación estadounidense que xoga entre mundos tan dispares como a musette (danza francesa), o tango arxentino, a música clásica da segunda metade do século XX, o pre - punk e as danzas balcánicas. E o programa pecharase o 28 de maio con Scorch Trío + Rafael Mallo. O free jazz nórdico de Scorch Trío, especialmente indicado para os amantes das guitarras e os exploradores de ritmos, texturas e sons. Pola súa parte o galego e autodidacta Rafael Mallo que presenta o seu interese no free jazz e na música improvisada.

Se precisades máis información podedes descargar o dossier de prensa en:

http://www.miramemira.com/Sirgo/Dossier_prensa.pdf

Tamén o catálogo editado:

<http://www.miramemira.com/Sirgo/libreto.zip>

Ou acudir a páxina web dos ciclos:

<http://www.espazossonoros.org>

**SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE CULTURA E DEPORTE**